

escénika

Campus Internacional
de Verán

Coordinación: Nuria Montero Gullón e Roberto Pascual Rodríguez

A ESAD de Galicia quérelle dar continuidade ao **Campus Internacional das Artes Escénicas**, que na súa primeira edición de 2008 obtivo e suscitou un interese que superou todas as expectativas. O Campus de Verán ten como finalidade ofrecer un espazo para o encontro, a formación permanente, o intercambio de experiencias e a promoción de foros de análise, debate e creación arredor das artes escénicas e das disciplinas que lle son propias. Esta iniciativa tamén abre liñas de encontro e intercambio con artistas procedentes doutras culturas e países. Coa consolidación dun Campus Internacional de Verán específico a ESAD de Galicia afirma o seu compromiso co desenvolvemento e regularización do sistema cultural galego.

www.esadgalicia.com

deseño: davidmontol

ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática



escénika
Campus Internacional
de Verán

Solicitudes e Inscripción

Ata 3 días antes do inicio de cada curso

Para solicitar calquera curso deberase seguir o procedemento que se indica a continuación:

1.- Cubrir o impreso *Solicitud Inscripción Actividades ESAD* que encontrará na Secretaría da ESAD ou en www.esadgalicia.com/secretariavirtual

2.- Enviar o impreso debidamente cumprimentado xunto ao curriculum vitae a:
escenika.formacion@esadgalicia.com
ou **ESAD Galicia > Apdo. 2102 - 36208 Vigo (Pontevedra)**

As prazas adxudicaranse atendendo ao currículo profesional alegado na solicitude ou a criterios específicos realizados polos docentes de cada curso. Elaborarase unha quenda de espera para cubrir posibles vacantes. Esta información será comunicada individualmente mediante correo electrónico e na páxina web da ESAD:
www.esadgalicia.com

Todos os cursos teñen un 50% de desconto para o alumnado da ESAD de Galicia. Unha vez notificada a aceptación de inscrición será necesario facer o aboamento das taxas, indicando o nome, documento de identidade e título do curso.

Caixanova 2080 0016 13 0040023598

Cabaret.

Ángel Burgos e Luis Santamaría (coreógrafo axudante).
VIGO (ESAD de Galicia).

Do 28 de xuño ao 2 de xullo (20 horas) Horario: de 10h00 a 14h00. 75 €.

Este curso ten como finalidade prover ao alumno-actor de todas as ferramentas necesarias para a posta en marcha dun espectáculo de revista-cabaret. Técnica corporal e danza aplicadas ao tema, clase diaria de baile, historia do cabaret e a revista, técnicas do cabaret e diferentes estilos, coreografía, maquillaxe, guión, clima e bailes, soltura, exercicios de improvisación, frivolidade, feelig e desinhibición, gags, playbacks (fonomímica) e canción en directo, strip-tease, transformismo, traballo con cadeiras e novas tendencias.

Ángel Burgos: Actor e bailarín, formado entre as cidades de Valencia, Barcelona e Madrid, onde reside. Actuou en moitas películas, como "Descongélate" e "La isla Interior". Premio de La Unión de Actores ao mellor actor pola serie de t.v. "Todos los hombres sois iguales". Protagonista do cabaret "Belle Epoque" e actor de varias revistas musicais e shows de Music Hall. Actualmente actúa en Madrid cun texto de Tom Stoppard no Centro Dramático Nacional.

Interpretación, técnica Earle Gister.

Moisés Morales.
VIGO (ESAD de Galicia).

Do 28 de xuño ao 2 de xullo (20 horas) Horario: de 16h00 a 20h00. 50 €.

Earle Gister é o lendario profesor de Interpretación que durante moito tempo dirixiu o Departamento de Drama da Universidade de Yale nos Estados Unidos. As claves da súa técnica son: non crer na utilidade da biografía imaxinaria da personaxe. A verdadeira biografía é o fio que une un evento ó outro, dende o comezo ata a fin da obra. As imaxes son as ferramentas de maior utilidade para o traballo do actor. Deben ser claras, específicas e ter capacidade para impactar. Unha soa imaxe pode conter o impulso motivador de todo un parágrafo, ou incluso, un monólogo. Contrariamente ó uso habitual das improvisacións como xeito de aproximación persoal á idiosincrasia da personaxe, Earle Gister aconsellaba non realizalas ata a última etapa dos ensaios, cando se tivese ben traballada a partitura de obxectivos e accións. Preponderancia absoluta da imaxinación sobre calquera enfoque psicolóxico. Estudo da personaxe a través dos seus 'likes and dislikes'. Re- definición do concepto de acción: Como quero facer sentir á outra persoa, de maneira que consiga o meu obxectivo? Particular entendemento das transicións. Vivencia personalizada das experiencias da personaxe e non actuación do comportamento. Non espremer as emocións. Non actuar a linguaxe. Arco da personaxe, arco da escena, arco da obra. Os tres niveis da realidade: o estereotipo, a personaxe nas circunstancias imaxinarias da obra, a personaxe en relación directa co público.

Moisés Morales: Formouse no Stella Adler Conservatory of Acting- New York, no London Centre For Theatre Studies, The Voice and Speech Centre de Londres e no Teatro de Cámara de Madrid. Traballou para o London Centre Theatre, Stella Adler Theatre- New York, Collective Unconscious - New York e Centro Dramático Galego. Tamén participou na televisión, radio e cine. Con "Corre Carmela Que Chove" obtivo o premio Galicia Comunicación 1994. Premio Museo Humor Fene. Dirixiu escenificacións de textos de Chéjov, Fassbinder, Maeterlinck, Dario Fo, Strindberg, etc. Posúe unha ampla experiencia docente, entre o que cabe destacar a Aula de Teatro da USC ou a Escola Superior de Artes Cinematográficas.

O rito corporal no teatro. Danza para actores.

Arnold Tarraborelli.
VIGO (ESAD de Galicia).
Do 5 ao 9 de xullo (20 horas) Horario: de 10h00 a 14h00. **50 €.**

O curso ofrece unha base técnica sobre a que se traballa a creatividade, liberando a relación da persoa co seu propio corpo e aumentando as posibilidades de comunicación ao ter superados bloqueos, rixideces, etc. Dirixido a todas e todos os que están interesados na interpretación ou na danza aínda que non teñan coñecementos previos xa que o método de Arnold explora o movemento nas súas diferentes formas expresivas.

Arnold Tarraborelli naceu en Filadelfia, estudou na Universidade de Temple e na Tyler School of Fine Arts. Debutou como primeiro bailarín nunha produción de "Carmen". Posteriormente trasladábase a New York, onde bailou numerosas veces no Metropolitan Opera e en teatros de Broadway. Estudou con Martha Graham e José Limón. Despois de traballar como coreógrafo e profesor en Puerto Rico e Londres chegou a España no ano 1970, onde dirixe a súa propia escola.

Iluminación no teatro e na danza. Sólido, líquido, gaseoso.

Baltasar Patiño.
VIGO (ESAD de Galicia).
Do 5 ao 9 de xullo (20 horas) Horario: de 16h00 a 20h00. **50 €.**

Aparatos de iluminación, tipos e características; planos de iluminación, realización e interpretación; plano de enfoques, tipos de lámpadas; vocabulario técnico; filtros, tipos e características; a súa relación cos aparatos de iluminación, filtros correctores, etc. Todo vai saíndo das propostas de traballo que cada alumno/a desenvolverá a partir da relación do espazo escénico coa iluminación. Aprenderemos a utilizar a luz como mecanismo de apoio, amplificador de sensacións, como espazo ou simplemente como luz. Achegarémonos ao valor dos obxectos, a súa presenza, obxectos como personaxes e a súa relación co espazo e a luz. Faremos posibles as ideas utilizando os "accidentes".

Tal vez teredes advertido qué singular aspecto toman as camas, os armarios de espello, os sillóns, os diváns, as mesas, cando se ven de repente na rúa... Statues, meubles et généraux. Giorgio De Chirico, 1927.

Baltasar Patiño: Iluminador, escenógrafo e músico. Ten deseñado espazos escénicos e iluminación para Matarile Teatro, CDG, CDN, Andrés Corchero, Provisional Danza, Leilía, Cambaleo, etc. Seleccionado para representar a España como iluminador e escenógrafo na PQ-07 Cuadriennale de Praga. Recibiu 10 premios de Teatro María Casares polo seu traballo e dous "Compostela de Teatro" á mellor iluminación. En 1993 funda o teatro Galán e realiza todo o deseño gráfico do teatro e Matarile Teatro. Realiza vídeos e fotografías de escena para diversas compañías. Foi director técnico do Festival Internacional En Pé de Pedra e Vicepresidente da Red de Teatros Alternativos. Ten impartido cursos en España e Portugal.

Taller de teatro.

W. Staniewski (3 docentes).
VIGO (ESAD de Galicia).
12, 13 e 14 de xullo (15 horas) **75 €.**
Horario: de 11h00 a 14h00 e de 15h00 a 17h00.

Nestas clases máxistras co director Wlodzimierz Staniewski poderanse vivenciar os estudos e o método de traballo concentrado no teatro antigo grego e na música, como é habitual na trayectoria da súa compañía Gardzienice, e que implica o seguinte: Introducción ás técnicas Antigas gregas de interpretar (a música, o movemento -baseado na iconografía antiga, *cheironomia* -a arte Antiga de xesticulación-, texto, baseado en "Iphigenia en Aulis" e "Iphigenia en Tauris" de Eurípides). As contradicións e a sincronización entre o medio individual de expresión e a expresión do corpo común (o coro antigo). O traballo incorpora o drama antigo, a literatura, a relixión, artes e música - os fragmentos de películas dos arquivos de Gardzienice. Os exercicios de quentamento e exercicios de compañeiro a compañeiro (a Mutualidade) serán presentados como foron descritos no libro "Twentieth Century Actor Training" (Alison Hodge, Routledge, 2000). Staniewski e os seus actores e cantantes demostran metodicamente os eslabóns posibles e analogías entre as técnicas antigas de interpretación co corpo e a voz, e cerimoniais indíxenas ou tradicionais e rituais que están aínda vivos hoxe.

W. Staniewski, que durante varios anos colaborou moi á beira de Grotowski, rebelouse contra o seu mestre en 1977 e fundou o Centro de Prácticas Teatrais de Gardzienice, unha pequena cidade cerca de Lublin. Hoxe, despois de 25 anos de existencia, o Centro é coñecido en todo o mundo, e o método de traballo do actor creado por Staniewski, chamado por el "ecoloxía do teatro", considérase un dos máis importantes do século XX. O máis característico de Gardzienice é o tratamento do teatro como unha das variadas actividades culturais, como expedicións a terreos habitados por xente que conserva as tradicións populares (por exemplo as áreas do leste de Polonia e do Oeste de Ucraína, coas súas peculiares aldeas), así como a estrita vinculación da arte co medio ambiente en que xorde. Dende hai algúns anos, Staniewski interésase particularmente pola Grecia antiga como fonte da cultura e a espiritualidade europeas. Tras a representación de "Metamorfoses", baseada en Apuleio (presentada en Alemaña, Estados Unidos ou Reino Unido, entre outros países), preparou xunto coa xente de Gardzienice un espectáculo baseado na Electra de Eurípides e en Ifigenia, que marcan novos camiños na súa búsqueda teatral.

Curso de teatro Kathakali.

Compañía Teatro Tascabile di Bergamo.
VIGO (ESAD de Galicia).
Do 12 ao 15 xullo (20 horas) Horario: de 17h00 a 21h00. **75 €.**
> **Espectáculo de Kathakali:** 15 xullo (21h00) na Sala Pedra Seixa da ESAD

A partir da gran tradición "universal" do teatro oriental, con específica atención aos estilos do teatro-danza hindú, Kathakali, propónse ao alumnado deste curso unha introdución á danza a través da exercitación e o estudo dos pasos fundamentais. O seminario comprende unha sección de training físico e unha sección de introdución cultural con elementos de demostración. Combinarase tamén o traballo coreográfico de danza pura ou nritya coa danza recitada ou nritya, onde o actor se servirá dos signos comunicativos realizados coas mans (mudras). A coordinación entre ritmo musical e corporal será outra das actividades importantes deste curso.

O **Teatro Tascabile di Bergamo** entrou no profesionalismo en 1973, seguindo as ensinanzas de J. Grotowski e E. Barba. A súa historia pódese resumir nas seguintes cifras: 100 producións; máis de 4000 espectáculos para un millón de espectadores polo menos; percorrido por 34 nacións e 4 continentes; promoción e organización de festivais de teatro e iniciativas en Italia e no exterior; fundación do Istituto di Cultura Scenica Orientale; presente a nivel científico nacional e internacional con conferencias, seminarios, convenios, ateliers, publicacións, películas, e cunha bibliovideoteca especializada na arte do actor e a antropoloxía teatral que ten pouco parangón en toda Europa. A actividade escénica de TTB céntrase no teatro de rúa, no teatro oriental e na dramaturxia do actor.

